

Informe sobre o deseño do sistema de citación XIDE (Xestión Integral da Demanda en Equipo) no Servizo Galego de Saúde e os resultados da súa implementación

Grupo de traballo do informe sobre o deseño e
avaliación do sistema de citación XIDE



XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria

AUTORÍA

Grupo de traballo (por orde alfabética)

Bustelo Cerqueiras, Víctor
Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria. Consellería de Sanidade.

Faraldo Vallés, María José
Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, Avalia-t. Axencia Galega para
a Xestión do Coñecemento en Saúde, ACIS. Consellería de Sanidade.

Fuentes Silva, Sindia
Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria. Consellería de Sanidade.

Represas Carrera, Francisco
Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria. Consellería de Sanidade.

Rodríguez Domínguez, Óscar
Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria. Consellería de Sanidade.

Ruaño Raviña, Alberto
Departamento de Medicina Preventiva e Saúde Pública.
Universidade de Santiago de Compostela.

Triñanes Pego, Yolanda
Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, Avalia-t. Axencia Galega para
a Xestión do Coñecemento en Saúde, ACIS. Consellería de Sanidade.

Santiago de Compostela, 2023
Depósito Legal: C 1729-2023

Informe sobre o deseño do sistema de citación XIDE (Xestión Integral da Demanda en Equipo) no Servizo Galego de Saúde e os resultados da súa implementación

Grupo de traballo do informe sobre o deseño e avaliación do sistema de citación XIDE



XUNTA
DE GALICIA

Para citar este documento:

Grupo de traballo do Informe sobre o deseño e avaliación do sistema de citación XIDE. Informe sobre o deseño e avaliación do sistema de citación XIDE (Xestión Integral da Demanda en Equipo) no Servizo Galego de Saúde e os resultados da súa implementación. Santiago de Compostela: Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ACIS, Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, Avalia-t; 2023.

Este documento foi realizado pola Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, Avalia-t da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ACIS.

Este documento pode ser reproducido parcial ou totalmente para uso non comercial, sempre que se cite explicitamente a súa procedencia.



ÍNDICE

	LISTA DE ABREVIATURAS	9
	LISTA DE TÁBOAS	11
	LISTA DE FIGURAS	13
1	INTRODUCCIÓN	17
1.1	ANTECEDENTES	17
1.2	OS SISTEMAS DE XESTIÓN DA DEMANDA ASISTENCIAL	18
1.3	O SISTEMA DE CITACIÓN XIDE (XESTIÓN INTEGRAL DA DEMANDA EN EQUIPO)	20
2	OBXECTIVOS	23
3	METODOLOXÍA	25
3.1	DESEÑO DA FERRAMENTA	25
3.1.1	CREACIÓN DO GRUPO DE TRABALLO	25
3.1.2	ESTABLECEMENTO DOS POSIBLES MOTIVOS DE CONSULTA EN AP	25
3.1.3	ESTABLECEMENTO DO ALGORITMO	26
3.1.4	SOPORTE TECNOLÓXICO AO ALGORITMO	27
3.2	ANÁLISE DA IMPLEMENTACIÓN NA FASE DE PROBA DE CONCEPTO	27
3.2.1	SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE CON XIDE	27
3.2.2	SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE COMPARACIÓN	29
3.3	ANÁLISE DA IMPLEMENTACIÓN NA FASE DE PILOTAXE	31
3.3.1	SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE XIDE	32
3.3.2	SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE COMPARACIÓN	33
3.4	ANÁLISE DE DATOS	33
3.4.1	VARIABLES DE RESULTADO	33
3.4.2	PERÍODO DE TEMPO CONSIDERADOS	34
3.4.3	FONTES DE DATOS	34
3.4.4	TÉCNICAS DE CONTROL DE POSIBLES FACTORES DE CONFUSIÓN	34
3.4.5	ANÁLISE ESTATÍSTICA	35
4	RESULTADOS	37
4.1	DESENVOLVEMENTO E DESCRICIÓN DA FERRAMENTA	37
4.1.1	GRUPO DE TRABALLO	37

4.1.2	ESTABLECEMENTO DOS POSIBLES MOTIVOS DE CONSULTA EN AP	38
4.1.3	ESTABLECEMENTO DOS ALGORITMOS OU PROTOCOLOS	38
4.1.4	SOPORTE TECNOLÓXICO AO ALGORITMO	39
4.2	FASE DE PROBA DE CONCEPTO	40
4.2.1	ESTRUTURA POBOACIONAL E DE ASISTENCIA DOS CENTROS CON E SEN XIDE	40
	Características sociodemográficas	40
	Características da prestación asistencial	41
4.2.2	EFFECTIVIDADE	42
	Consultas a demanda en mostrador por categoría profesional	42
	Consultas forzadas de medicina de familia	44
	Consultas totais de enfermería e outros profesionais	49
4.2.3	SEGURIDADE	54
	Hiperfrecuentación	54
	Asistencias ao PAC	57
	Revisión das reclamacións	60
4.2.4	ANÁLISE CUALITATIVA DAS PERCEPCIÓNS DO SISTEMA XIDE NA FASE DE PROBA DE CONCEPTO	61
4.3	FASE DE PILOTAXE	62
4.3.1	ESTRUTURA POBOACIONAL E DE ASISTENCIA DOS CENTROS	62
	Características sociodemográficas	62
	Características da prestación asistencial	63
4.3.2	EFFECTIVIDADE	64
	Consultas a demanda en mostrador por categoría profesional	64
	Consultas forzadas de Medicina de Familia	67
	Consultas totais de enfermería e outros profesionais	74
4.3.3	SEGURIDADE	79
	Hiperfrecuentación	79
	Asistencias ao PAC	82
5	DISCUSIÓN	89
6	CONCLUSIÓNS	95
7	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	97
ANEXOS		
	ANEXO 1. CLASIFICACIÓN INTERNACIONAL DA ATENCIÓN PRIMARIA SEGUNDA EDICIÓN (CIAP-2)	101
	ANEXO 2. TÁBOA INICIAL MOTIVOS DE CONSULTA E PROTOCOLOS ASOCIADOS	114
	ANEXO 3. PROCEDEMENTO DE USO DA FERRAMENTA XIDE NOS CENTROS DE SAÚDE	124

LISTA DE ABREVIATURAS

AP: atención primaria.

CIAP: clasificación internacional de atención primaria.

CS: centro de saúde.

EAP: equipo de atención primaria.

FPUSG-061: Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

MIOaP: modelo de innovación organizacional en atención primaria (Xerencia Atención Primaria de Ciudad Real).

NASI: número asistencial.

PAC: punto de atención continuada.

PSX: persoal de servizos xerais.

SAP: Servizo de Atención Primaria.

Sergas: Servizo Galego de Saúde.

SIGAP: sistema de información da xestión de atención primaria.

SIAC: sistema de información e análise complexa.

SNS: Sistema Nacional de Saúde.

XIDE: xestión integral da demanda en equipo.

LISTA DE TÁBOAS

Táboa 1. Distribución de centros de saúde por áreas sanitarias	31
Táboa 2. Características dos centros comparados na fase de proba de concepto	41
Táboa 3. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada grupo de centros nos períodos pre e posXIDE	44
Táboa 4. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS de Arteixo e Culleredo: número, porcentaxe sobre consultas totais e taxa por 1.000 habitantes	45
Táboa 5. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS de Fingoi e Illas Canarias: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes	46
Táboa 6. Consultas forzadas de medicina de familia nos centros con e sen XIDE: número, porcentaxe sobre consultas totais e taxa por 1.000 habitantes	48
Táboa 7. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS de Arteixo e Culleredo	57
Táboa 8. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS de Fingoi e Illas Canarias	58
Táboa 9. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre consultas a demanda en mostrador nos centros con/sen XIDE	59
Táboa 10. Análise cualitativo das principais fortalezas, limitacións e suxestións dende o punto de vista dos profesionais	61
Táboa 11. Características dos centros comparados na fase piloto	64
Táboa 12. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada grupo de centros nos períodos pre e posXIDE	67
Táboa 13. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS A Milagrosa e Fingoi: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes	68
Táboa 14. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes	70

Táboa 15. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS de Gondomar e Nicolás Peña: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes	71
Táboa 16. Consultas forzadas de medicina de familia nos centros con e sen XIDE: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes	73
Táboa 17. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS A Milagrosa e Fingoi	83
Táboa 18. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas	84
Táboa 19. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS de Gondomar e Nicolás Peña	85
Táboa 20. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos centros con e sen XIDE	86

LISTA DE FIGURAS

Figura 1. Pirámide de poboación de cada centro con XIDE (Illas Canarias e Culleredo) e sen XIDE (Arteixo e Fingoi)	40
Figura 2. Pirámide de poboación de cada grupo de centros	41
Figura 3. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes e centro	42
Figura 4. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes e grupo de centros	43
Figura 5. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Arteixo e Culleredo	45
Figura 6. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Fingoi e Illas Canarias	47
Figura 7. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos centros con e sen XIDE	49
Figura 8. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Arteixo e Culleredo	49
Figura 9. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Arteixo e Culleredo	50
Figura 10. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos SAP de Fingoi e Illas Canarias	51
Figura 11. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Fingoi e Illas Canarias	51
Figura 12. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos centros con e sen XIDE	52
Figura 13. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos centros con e sen XIDE	53
Figura 14. Consultas medias mensuais a demanda e programadas por paciente ao longo do seguimento entre o CS Arteixo e CS Culleredo	54
Figura 15. Consultas medias mensuais a demanda e programadas por paciente ao longo do seguimento entre CS Fingoi e CS Illas Canarias	55

Figura 16. Consultas medias mensuais a demanda e programadas por paciente ao longo do seguimento entre centros sen XIDE e centros con XIDE na fase de proba de concepto	56
Figura 17. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS de Arteixo e Culleredo	58
Figura 18. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS de Fingoi e Illas Canarias	59
Figura 19. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador, por mes, nos centros con e sen XIDE	60
Figura 20. Pirámide de poboación dos CS A Milagrosa e Fingoi	62
Figura 21. Pirámide de poboación dos CS de Rubiá e Castro Caldelas	62
Figura 22. Pirámide de poboación dos CS de Gondomar e Nicolás Peña	63
Figura 23. Pirámide de poboación dos centros con e sen XIDE	63
Figura 24. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi	64
Figura 25. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes, nos CS de Rubiá e Castro Caldelas	65
Figura 26. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña	66
Figura 27. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes e grupo de centros	66
Figura 28. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi	69
Figura 29. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas	70
Figura 30. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña	72
Figura 31. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña	74
Figura 32: Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi	75
Figura 33. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi	75
Figura 34. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas	76

Figura 35. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña	77
Figura 36. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña	77
Figura 37. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos centros con e sen XIDE	78
Figura 38. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos centros con e sen XIDE	79
Figura 39. Media de consultas mensuais a demanda e programadas. CS A Milagrosa e CS Fingoi	80
Figura 40. Media de consultas mensuais a demanda e programadas. CS Rubiá e CS Castro Caldelas	80
Figura 41. Media de consultas mensuais a demanda e programadas. CS Gondomar e CS Nicolás Peña	81
Figura 42. Media de consultas mensuais a demanda e programadas. Centros sen XIDE e centros con XIDE	82
Figura 43. Porcentaxe de asistencia ao PAC con respecto ás consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi	83
Figura 44. Porcentaxe de asistencia ao PAC con respecto ás consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas	84
Figura 45. Porcentaxe de asistencia ao PAC con respecto ás consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña	85
Figura 46. Porcentaxe de asistencia ao PAC con respecto ás consultas a demanda en mostrador, por mes, nos centros con e sen XIDE	87



1. INTRODUCCIÓN

1.1. ANTECEDENTES

A atención primaria (AP) é considerada na actualidade o eixe vertebrador do Sistema Nacional de Saúde (SNS) grazas ao seu enfoque inclusivo, equitativo e biopsicosocial (1). Os cometidos principais da AP son a prevención e promoción da saúde, a atención a patoloxías agudas e crónicas, a atención domiciliaria e as actividades de atención comunitaria. Estas actividades organízanse ao redor dun equipo multidisciplinar (Equipo de atención primaria, EAP), formado por médicos/as especialistas en medicina familiar e comunitaria e en pediatría, enfermería e enfermería especialista, auxiliares de enfermería, matronas, fisioterapeutas, traballadores/as sociais, odontólogos/as e persoal das áreas administrativas. A eficiencia do sistema depende de varios factores entre os que destacan as características sociodemográficas da poboación e os aspectos organizativos. O grao de desenvolvemento e implementación de tecnoloxías da información e comunicación en AP poden considerarse outros dos factores asociados á eficiencia (2).

Na actualidade, este ámbito asistencial atópase ante diferentes retos para poder seguir garantindo a accesibilidade, a equidade, e unha resposta asistencial eficaz e de calidade (2). A nivel autonómico, un dos principais retos é o socio-demográfico. A poboación de Galicia atópase entre as máis lonxevas do mundo, cunha esperanza de vida ao nacer superior aos 83 anos, que ten experimentado un incremento importante nos últimos quince anos. Así, na actualidade o 26,11 % da poboación galega supera os 65 anos cunha tendencia crecente. Xunto co incremento da esperanza de vida, a estrutura familiar en Galicia tamén está a mudar, o número de fogares unipersoais na poboación de 65 e máis anos acrecéntase ano tras ano, situándose na actualidade no 25,66 % dos fogares unipersoais (3). Estes factores tradúcense non só nun aumento da prevalencia das enfermidades crónicas e dos pacientes pluripatolóxicos, senón tamén nun cambio nas necesidades de coidados da poboación (4).

O incremento da demanda de consultas en AP é outra das situacións ás que se enfronta a sanidade galega na actualidade. No ano 2019 (último ano prepan-demia), rexistráronse un total de 26,9 millóns de consultas en AP (300 000

consultas máis que o ano anterior). Destas, máis de 14,1 millóns foron de medicina familiar e comunitaria, seguidas por 9,1 millóns de consultas de enfermería e 3,6 millóns doutras especialidades. Durante o ano 2020 as cifras decaeron por mor da pandemia, non obstante, os seguintes anos produciuse un aumento considerable da demanda. Concretamente, en 2022, as consultas totais eleváronse á cifra de 30,2 millóns, o que supón un incremento do 12,2 % con respecto ao 2019, e as consultas de medicina de familia alcanzaron os 15,2 millóns, 1,1 millón máis que tres anos antes (fonte: datos del Sistema de Información e Análise Complexa de Atención Primaria, SIAC-AP).

Este crecemento no número de consultas de AP xunto ao citado aumento da prevalencia das enfermidades crónicas e dos pacientes pluripatolóxicos, así coma un contexto actual marcado fundamentalmente polo déficit de profesionais sanitarios, está a provocar unha situación conxuntural altamente complexa (5, 6).

1.2. OS SISTEMAS DE XESTIÓN DA DEMANDA ASISTENCIAL

As organizacións sanitarias son conscientes de que é prioritaria a posta en funcionamento de solucións que axuden a preservar a accesibilidade ao sistema, asegurando os niveis de calidade asistencial actuais, preservando a seguridade do paciente e dende un punto de vista de máximas garantías. Entre outras accións, destacarían as innovacións organizativas e as ferramentas que poidan ser empregadas na mellora da xestión dos procesos de demanda asistencial (7).

O *"Marco estratéxico para la atención primaria y comunitaria"* (publicado no BOE n.º 109, do 7 de maio de 2019) (8), aprobado polo Ministerio de Sanidade para impulsar a actualización da atención primaria e comunitaria, inclúe como unha das liñas de acción a de *"Establecer procedimientos normalizados de gestión de la demanda, según el motivo de consulta, que permitan potenciar el principio de subsidiaridad a cada EAP de manera que se ofrezca a cada persona la atención adecuada en función del tipo de necesidad y que la misma sea prestada por el profesional idóneo"* (1).

Á súa vez, tanto o *"Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021"* (9) como a estratexia *"Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde"* (10), recollen como obxectivo *"mellorar a xestión da demanda non programada ou urxente en AP"*. Estes dous documentos estratéxicos contaron, na súa elaboración, coa participación e achegas dos colexios profesionais, sociedades científicas e un importante número de profesionais de AP de todas as categorías.

Estes tres documentos conforman o marco de referencia baixo o que se deseñou o Sistema de Xestión Integral da Demanda en Equipo (XIDE).

Os sistemas de xestión da demanda asistencial fan referencia a actuacións dirixidas a racionalizar a demanda mediante o redeseño de procesos asistenciais e a redistribución de tarefas entre os profesionais do EAP, buscando a maior eficiencia. Estes modelos requiren a instauración de cambios organizativos que abarcan a todos os profesionais, a organización, a estrutura e os propios cidadáns (11).

En concreto, os modelos de xestión integral da demanda asistencial intentan darlle a mellor solución a un problema de saúde exposto polo/a cidadán/cidadá (demanda), a diferenza do concepto de triaxe, que implica unha valoración clínica (da necesidade) coa correspondente clasificación con base na potencial gravidade ou posible evolución do proceso (12, 13), habitualmente utilizado nos servizos de urxencias.

A nivel internacional, existen algunhas iniciativas de implementación de estratexias de xestión da demanda en AP, aínda que son moi diversas e heteroxéneas en canto aos seus obxectivos e organización. Así, algunhas iniciativas céntranse na ordenación da derivación dende AP a atención especializada (14), outras na implantación de chamadas telefónicas previas ás consultas presenciais en AP (15), en sistemas de acceso avanzado ou acceso no mesmo día (16), ou na xestión da atención fóra dos horarios das consultas de AP (17). Aínda que na actualidade a evidencia científica non é concluínte para ningún dos modelos descritos, un reto clave para o deseño destes modelos é o de xestionar as solicitudes dos pacientes e orientar a súa demanda aos servizos ou recursos que mellor poidan satisfacer as súas necesidades (18, 19), aspecto no que as áreas administrativas poderían ter un papel clave (20-22).

Durante os últimos anos, algunhas comunidades autónomas veñen abordando a xestión da demanda asistencial deseñando procedementos específicos para ordenala. Estes procedementos están fundamentalmente dirixidos á sobre demanda (23), é dicir, ás citas a demanda xestionadas por riba da capacidade da axenda de traballo teórica. Estes tipos de modelos baséanse na súa maior parte nunha xestión da demanda levada a cabo por persoal de enfermería (12, 24-27).

Outras iniciativas dirixíronse a aumentar o grao de implicación e relevancia das áreas de atención ao cidadán ou áreas administrativas. Por exemplo, o *“Modelo de Innovación Organizacional en Atención Primaria da Xerencia de AP de Ciudad Real (MIOaP)”* (28), aposta por un modelo de AP máis autosuficiente e con maiores competencias diagnósticas e terapéuticas para a resolución de casos neste nivel. Este modelo intenta garantir a atención polo persoal idóneo que pode prestar

atención tecnicamente adecuada do xeito máis accesible, áxil e eficiente, incrementando os niveis de competencia de todos os estamentos profesionais. Unha parte relevante deste programa é que centra o labor da xestión da demanda nas unidades de atención ao usuario, formadas polo persoal administrativo, que son os que realizan as accións de filtrar e ordenar os fluxos de atención para o EAP. Este programa conta cunha avaliación nun estudo piloto no ano 2007, que mostrou melloras na accesibilidade da atención e na axilidade desta (29).

Outro modelo semellante podémolo atopar no proxecto de mellora da organización do proceso asistencial en AP pilotado no Servizo Navarro de Saúde. Este modelo ten como obxectivo xeral o desenvolvemento de novos modelos organizativos do proceso asistencial en AP que respondan á necesidade dos cidadáns, que favorezan o desenvolvemento de todos os profesionais e se orienten á mellora dos resultados da organización, medidos en termos de calidade integral. Destacan entre os seus obxectivos específicos o labor de filtro administrativo para a clasificación e priorización da demanda cunha ampla identificación de accións, todas elas destinadas á priorización e racionalización da demanda e a homoxeneizar criterios e procedementos (29). Aínda que non se atoparon estudos con resultados deste proxecto, nas liñas estratéxicas máis recentes inclúense como obxectivos orientar a demanda ao modelo de atención e profesional e potenciar o papel do persoal administrativo na orientación inicial da demanda en función da necesidade (30).

O Servizo Cántabro da Saúde tamén implementou recentemente unha iniciativa de xestión compartida da demanda, que identifica como peza clave as áreas administrativas pola súa relevancia para introducir cambios que permitan mellorar a demanda e unificar procedementos (24). Na actualidade existen tamén iniciativas moi similares no País Vasco (31, 32).

As referencias anteriores amosan que os servizos autonómicos do Estado perciben como necesidade mellorar a xestión da demanda en AP e que puxeron en marcha diferentes iniciativas para conseguir unha resposta.

1.3. O SISTEMA DE CITACIÓN XIDE (XESTIÓN INTEGRAL DA DEMANDA EN EQUIPO)

En Galicia, optouse por deseñar un sistema de citación que permitise xestionar e ordenar, non só de forma integral e racional, senón tamén de xeito homoxéneo, toda a demanda que recae sobre as consultas de AP. Esta demanda inclúe, ademais dos motivos asistenciais, motivos administrativos ou non asistenciais que forman parte desta.

Antes da implementación do XIDE, no Sergas non existía un modelo organizativo definido para responder á demanda asistencial. O procedemento habitual era que o persoal administrativo xestionaba a demanda, ben citando no primeiro oco dispoñible (xeralmente para o médico de familia) ben preguntando polo motivo da consulta para asignar unha cita segundo a prioridade valorada de forma subxectiva. Esta situación estaba a provocar variabilidade nos criterios de acceso, así como diferentes graos de saturación das axendas dos médicos de familia, que resultan na diminución de tempo asignado a cada paciente, forzando citas e asignando no mesmo oco a varias persoas.

Debido a este contexto, a Consellería de Sanidade coa colaboración dun amplo grupo de profesionais sanitarios e das áreas administrativas, deseñou o seu modelo propio de xestión da demanda, denominado XIDE. Este modelo, que ten en conta a todas as categorías profesionais que conforman o EAP, sempre dentro do seu marco competencial, está enfocado a dar resposta nun período de tempo e forma adecuados, de acordo cun motivo de consulta (demanda) expresado por un cidadán/á.

Ademais de garantir unha resposta asistencial adecuada en tempo e forma das demandas de atención por motivos de consulta non demorables, o XIDE tamén persegue optimizar a actividade asistencial das categorías profesionais que desenvolven o seu labor en AP e diminuír as citas forzadas das axendas de traballo diario dos/das médicos de familia e pediatría.

Así mesmo o XIDE intenta incentivar a autonomía de xestión das propias axendas dos profesionais, ao promover a programación das consultas de xeito proactivo.

No presente documento preséntanse o desenvolvemento do XIDE e analízanse os principais resultados obtidos nas fases de proba de concepto (primeira implantación en dous centros de AP) e na fase de pilotaxe (na que se amplía a implementación do XIDE a outros centros de saúde).



2. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral deste documento é describir o desenvolvemento do sistema de citación XIDE e avaliar os resultados obtidos nas fases de proba de concepto e pilotaxe.

Os obxectivos específicos son:

- Detallar o proceso de desenvolvemento do sistema XIDE.
- Avaliar os resultados de efectividade e seguridade do sistema XIDE na fase de proba de concepto.
- Avaliar os resultados de efectividade e seguridade do sistema XIDE na fase de pilotaxe.



3. METODOLOXÍA

3.1. DESEÑO DA FERRAMENTA

Para describir o desenvolvemento da ferramenta, dividiuse o proceso en catro fases principais que se describen a continuación.

3.1.1. CREACIÓN DO GRUPO DE TRABALLO

No mes de setembro de 2021 conformouse un grupo de traballo ao que se incorporou, a proposta das xerencias de cada área sanitaria, persoal facultativo especialista en medicina de familia e comunitaria, persoal de enfermería e persoal de servizos administrativos. Ademais, o grupo de traballo tamén contou con persoal da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia (FPUSG-061) e persoal de Servizos Centrais do Sergas e da Consellería de Sanidade.

Tamén se realizou unha invitación ás principais sociedades científicas (Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, AGAMFEC; Sociedad Española de Médicos de Atención Primaria, SEMERGEN; Sociedad Española de Médicos Generales y de Familia, SEMG; Sociedade de Pediatría de Galicia, SOPEGA; Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria, AGAPAP; Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria, AGEFEC), que propuxeron profesionais para integrarse no grupo de traballo.

A medida que avanzaba o proxecto foise contado con persoal doutras categorías profesionais de AP que achegaban coñecementos máis específicos en determinadas áreas. Desta forma, creáronse subgrupos diferenciados por categorías.

3.1.2. ESTABLECEMENTO DOS POSIBLES MOTIVOS DE CONSULTA EN AP

O punto de partida do algoritmo XIDE é o motivo polo que o/a cidadán/a contacta co persoal administrativo dos centros de saúde para solicitar unha cita a demanda. Dado que no Sergas non existía un rexistro dos motivos de

consulta en AP, tomouse como referencia a segunda edición da Clasificación Internacional de Atención Primaria (CIAP-2) (33, 34).

A CIAP-2 clasifica as posibles condicións de saúde susceptibles de ser atendidas en AP. Estas posibles condicións divídense en 17 capítulos relativos a aparatos e sistemas orgánicos (sistema locomotor, aparato dixestivo, aparato respiratorio...), que van incluír un total de 680 códigos de motivos específicos de consulta en AP.

O grupo de traballo agrupou e redefiniu os motivos de consulta principais. Ademais, adaptou cada motivo a diferentes expresións de linguaxe común que poderían ser sinónimas.

3.1.3. ESTABLECEMENTO DO ALGORITMO

Para cada un dos posibles motivos de consulta definiuse:

- i. Categoría profesional do EAP máis axeitada para a atención inicial.
- ii. Período de tempo no que debería levarse a cabo a citación, con tres posibles opcións:
 - Atención ordinaria: cita asignada no primeiro oco que haxa dispoñible co profesional correspondente.
 - Atención no día: cita asignada na propia xornada laboral do profesional correspondente. O tempo para unha atención inicial por parte do profesional sanitario non pode exceder as 7 horas dende a solicitude da cita por parte do cidadán.
 - Atención inmediata: cita asignada na propia xornada laboral do profesional correspondente, o cal ten que lle dar unha resposta inicial inmediata ao problema de saúde exposto polo cidadán. O tempo máximo para que o profesional sanitario preste unha primeira asistencia é de 15 minutos.
- iii. Modo inicial de atención:
 - Atención telefónica: modalidade de atención na que o cidadán recibe a atención sanitaria inicial por medio dunha chamada telefónica.
 - Atención presencial: modalidade tradicional de atención na que o cidadán recibe a atención sanitaria inicial por medio dunha visita presencial.
- iv. Motivos de consulta nos que é necesario precisar os requirimentos da atención:

Determinados motivos de consulta, polas súas especiais características, precisarían dunha segunda pregunta que permita afinar de xeito máis preciso os requirimentos de atención do paciente, antes de establecer a categoría profesional, o período de tempo e o modo inicial de atención.

3.1.4. SOPORTE TECNOLÓXICO AO ALGORITMO

A Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade foi a encargada da coordinación e desenvolvemento da plataforma tecnolóxica que lle dá soporte ao sistema XIDE.

3.2. ANÁLISE DA IMPLEMENTACIÓN NA FASE DE PROBA DE CONCEPTO

3.2.1. SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE CON XIDE

A fase de proba de concepto tivo lugar nos centros de saúde (CS) de Illas Canarias (Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos) e Culleredo (Área Sanitaria da Coruña e Cee).

Estes centros foron seleccionados seguindo criterios de viabilidade e factibilidade de implementación da proba de concepto, debido a que profesionais dos centros formaban parte do grupo de traballo que participaba no deseño da ferramenta e mostraron dispoñibilidade. Ademais, considerouse que eran centros óptimos para esta fase atendendo a criterios organizativos, dado que contan coa maioría das unidades de apoio dispoñibles en AP (matrona, traballo social, odontoloxía, hixienista, pediatría e farmacia). Ambos contaban cunha poboación de referencia similar (ao redor de 20 000 persoas) e caracterízanse por unha elevada presión asistencial. Así, os centros seleccionados están na periferia dunha gran cidade (Culleredo) ou na propia cidade (Illas Canarias), o que supón unha presión asistencial (número de pacientes por médico) máis grande que no caso doutros centros máis rurais, onde esta razón pode ser moito menor. Nos casos seleccionados, de ser o XIDE efectivo, podería mostrar esta efectividade mellor nestas situacións onde as consultas forzadas son máis frecuentes. Por outra banda, aproximadamente o 50 % da poboación galega vive en cidades ou na súa periferia, o que combinado coa menor presión nas áreas rurais, se considerou idóneo para seleccionar estes dous centros.

Nesta primeira fase de proba concepto só se aplicou a ferramenta ás citas de poboación correspondente a adultos (poboación maior ou igual a 15 anos de idade).

A duración da proba de concepto foi inicialmente dun mes (novembro de 2021), aínda que finalmente se estendeu ata marzo de 2022.

Previamente á posta en marcha da fase de proba de concepto, realizouse unha presentación do proxecto á xerencia de cada unha das dúas áreas sanitarias ás que pertencían os servizos seleccionados, así como a todos os profesionais dos CS que os compoñían.

A implementación foi diferente en cada un dos dous CS:

- No CS de Culleredo, nunha primeira fase (de aproximadamente dúas semanas) só se pilotaron os motivos de consulta. O distinto persoal das áreas administrativas introducía o motivo de consulta expresado polo paciente no buscador da aplicación informática deseñada e comprobaban se este aparecía recollido ou non. Se o motivo de consulta non aparecía, o devandito persoal recollía de xeito externo (nun arquivo Excel) todos aqueles motivos de consulta non rexistrados na aplicación así como todas aquelas incidencias ou observacións ao respecto. Na seguinte fase, o persoal das áreas administrativas ademais de recoller o anterior, procedía a asignar unha cita segundo a proposta de citación que lle proporcionaba a solución informática. No caso de que o paciente rexeitase a cita proposta anotábase este feito e procedíase a citar de acordo coa solicitude do cidadán/á e do procedemento previamente establecido no centro.
- No CS de Illas Canarias unicamente se rexistrou se o motivo de consulta referido polo paciente estaba correctamente identificado na solución informática. No caso contrario rexistrábase tamén de xeito externo xunto coas incidencias ou observacións que xurdiran ao respecto.

Á finalización desta fase, os respectivos CS realizaron un informe de conclusións e valoración cualitativa da posta en funcionamento deste sistema nas súas unidades. Este informe foi valorado pola Dirección Xeral de Planificación Sanitaria e Reforma Sanitaria de cara a propoñer as posibles melloras nas funcionalidades deste proxecto.

Características dos centros con XIDE:

O CS de Illas Canarias está constituído por unha única unidade de AP, que presta atención a unha poboación de referencia de 16.868 persoas (datos do padrón de habitantes a data do 01/11/2021), de carácter fundamentalmente urbano. Neste centro traballan 56 profesionais sanitarios e non sanitarios (12 médicos de familia, 2 pediatras, 11 médicos internos residentes da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, 1 odontólogo, 1 farmacéutico/a, 1 matrona,

16 enfermeiros/as, 1 profesional de traballo social, 1 hixienista bucodental, 2 auxiliares de enfermería e 8 profesionais da área da función administrativa). Ademais, ten función docente tanto en pregrao (en medicina e enfermería) como en posgrao.

O CS de Culleredo está constituído polas unidades de AP Acea da Ma-Culleredo, centro de saúde de O Portádego e consultorio Tarrío, e conta ademais cun punto de atención continuada (PAC). A poboación de referencia deste SAP é de 30.222 persoas (datos do padrón de habitantes a data 01/11/2021), de carácter urbano e rural. Un total de 88 profesionais sanitarios e non sanitarios integran o SAP de Culleredo (23 médicos de familia, 5 pediatras, 16 médicos internos residentes da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, 1 odontóloga, 1 farmacéutica, 2 matronas, 2 fisioterapeutas, 20 enfermeiros/as, 1 traballadora social, 1 hixienista bucodental, 1 auxiliar de enfermería e 15 profesionais da área da función administrativa). Ademais, ten función docente tanto en pregrao (en medicina e enfermería) como en posgrao.

3.2.2. SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE COMPARACIÓN

Para a análise comparativa dos resultados obtidos na fase de concepto, escolléronse dous centros de características similares que non tiveran implantado o XIDE.

Os criterios considerados na selección foron:

- Condicións da contorna: urbana/semiurbana/rural; costa/interior.
- Área sanitaria.
- Poboación asinada ao centro.
- Número de profesionais de medicina familiar e comunitaria.
- Distribución da poboación: sexo e idade.
- Outros: existencia de quendas de tarde ou especialidades existentes no centro.

Con base nos criterios anteriores, desenvolvéronse os pasos seguintes:

- 1.º Razón pacientes/cotas médicas (número de pacientes asinados a cada cota médica): este parámetro serviu como medición estimada da presión asistencial de cada centro. Para avaliar se realmente o XIDE cumpre un papel relevante no alivio da presión asistencial, é necesario escoller centros que

teñan características semellantes e sexan igual de susceptibles ás variacións estacionais na demanda. Neste sentido, este parámetro serviu como primeiro filtro de selección dos centros.

- 2.º Área sanitaria: como segundo criterio, tomouse a decisión de limitar, na medida do posible, que os centros utilizados para comparar pertencesen a unha xerencia diferente, xa que, entre áreas sanitarias pode existir unha diferenza na presión asistencial por mor de factores externos ao centro: cultura, clima, organización da propia área, aspectos sociais ou mobilidade da poboación. A selección dunha mesma área sanitaria tamén permite de certo xeito ter comparabilidade na organización asistencial e nos procesos, xa que a estrutura directiva é a mesma.
- 3.º Distribución poboacional: outro factor de gran relevancia para obter unha boa comparabilidade é a distribución poboacional, por idades e sexos, xa que dependendo destes factores accédese con frecuencias distintas aos centros de saúde e por motivos distintos. En concreto, comparáronse os seguintes parámetros a través de pirámides poboacionais (con divisións cada 5 anos):
 - poboación total asinada ao centro,
 - poboación total maior de 65 e menor de 65 anos,
 - poboación masculina maior de 65 e menor de 65 anos e
 - poboación feminina maior de 65 e menor de 65 anos.
- 4.º Contorna semellante: por último, intentouse obter a maior similitude en termos do lugar onde residen os pacientes de ambos os centros, idealmente sendo do mesmo núcleo poboacional. Non obstante, isto non foi posible en todos os casos xa que se priorizaron os puntos anteriores por posuír unha maior relevancia na comparabilidade.

Selección do comparador

Do total de centros de saúde e consultorios existentes en Galicia, descartáronse aqueles non activos durante todo o período de estudo, ben fose por reformas ou por outras causas. Deste xeito, obtívose un grupo inicial de 461 centros para buscar unha comparación.

Táboa 1. Distribución de centros de saúde por áreas sanitarias

Área Sanitaria	N.º de centros considerados
A Coruña e Cee	71
Ferrol	29
Lugo, A Mariña e Monforte	84
Ourense, Verín e O Barco	106
Pontevedra e O Salnés	44
Santiago e Barbanza	75
Vigo	52
TOTAL	461

Comparador para o CS Illas Canarias: seleccionáronse en base á razón pacientes/cotas un total de 33 centros das 7 áreas sanitarias. Destes 33, 7 eran da área sanitaria de Lugo, e foron analizados en maior detalle polas súas características demográficas e xeográficas. Finalmente polas moitas similitudes e pola súa proximidade, o CS de Fingoi foi seleccionado coma comparador do CS Illas Canarias.

Comparador para o CS de Culleredo: para este centro, inicialmente preseleccionáronse 20 centros de todas as áreas sanitarias agás Ourense, que non posuía ningún centro cunha razón pacientes/cotas suficientemente similar. Destes 20, 4 pertencían á área sanitaria da Coruña, e optouse finalmente polo CS de Arteixo como comparador máis apto, xa que as características demográficas e asistenciais eran moi semellantes, así como a proximidade e o hábitat tamén ofrecían unha boa comparabilidade.

3.3. ANÁLISE DA IMPLEMENTACIÓN NA FASE DE PILOTAXE

A continuación da fase da proba de concepto, desenvolveuse a estratexia de implantación e pilotaxe en servizos de AP das sete áreas sanitarias do Sergas. Esta fase de pilotaxe tivo unha duración de 3 meses, estendéndose dende finais de marzo de 2022 ata o mes de maio de 2022.

Durante este período incluíronse un total de 45 centros de saúde de distintos SAP de todas as áreas sanitarias. Os centros incorporáronse progresivamente a esta fase de pilotaxe segundo ían propoñendo as xerencias das áreas sanitarias.

3.3.1. SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE XIDE

Para a análise dos resultados da fase de pilotaxe seleccionáronse 3 centros de saúde de entre os 45 que implementaron o XIDE durante esta fase.

Para realizar esta selección, partiuse daqueles centros (excluídos CS Culleredo e CS Illas Canarias) que tiveran un maior uso medio de XIDE, xa que, durante esta etapa, o uso do XIDE era completamente voluntario. Isto limitou a cantidade de centros a considerar. Neste período observouse que, durante algunha incapacidade laboral ou substitución puntual dos PSX, o persoal de nova incorporación non aplicaba o XIDE. Isto xerou picos no uso en certos períodos que complicarían a análise exacta dos resultados.

Neste sentido, decidiuse aplicar un criterio de uso mínimo medio do 85% (porcentaxe de citas solicitadas tramitadas a través do XIDE) na fase de pilotaxe (setembro de 2022 - febreiro de 2023). Con este criterio obtivéronse 18 centros, entre os que se seleccionaron aqueles que tiveran implantado o XIDE o máximo tempo posible, posúran consistencia no uso do XIDE durante todos os meses e tiveran características diferentes que permitiran ver o impacto da ferramenta en todo o espectro de centros de saúde. Así mesmo, descartáronse os centros con só unha cota médica, xa que neste tipo de centros é menos probable atopar unha sobredemanda suficiente como para observar substancialmente o impacto do XIDE.

Con base nisto, inicialmente optouse por seleccionar un centro de costa non urbano (semiurbano ou rural), un centro de interior rural, e un centro urbano, preferiblemente de Vigo ou A Coruña, que son as dúas cidades con maior poboación. Así mesmo, tamén se tentou na medida do posible ofrecer datos de todas as áreas sanitarias nun ou outro momento.

Debido á falta de centros con suficiente uso e dun comparador apropiado, desbotouse finalmente a opción de incluír un centro adscrito a un municipio de costa. Por outra parte, xa que Fingoi implantara o XIDE cun uso moi preto do 100 %, considerouse incluílo tamén para poder observar a súa propia evolución individual tendo en conta tamén a fase de proba de concepto.

Finalmente, seleccionáronse 3 centros con XIDE viables para esta fase do estudo: CS Fingoi, CS Castro Caldelas e CS Nicolás Peña. Con estes tres centros, ampliouse a análise a dúas provincias máis en comparación coa proba de concepto (Ourense e Pontevedra), engadiuse un centro de saúde rural (Castro Caldelas) e un centro de saúde urbano (CS Nicolás Peña), obtendo a heteroxeidade desexada para que o estudo abranguese o máximo rango de escenarios posibles.

3.3.2. SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE COMPARACIÓN

